

A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle a un alumnado igualmente diverso. O reto permanente consiste precisamente en ofrecer a cada alumno e a cada alumna a axuda pedagóxica que precise, axustando a intervención educativa a súa individualidade como persoa.

O principio de “Atención á diversidade” enténdese dende os seguintes plantexamentos:

1.- As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. **A diversidade é, polo tanto, unha característica de todos os alumnos e alumnas e non só duns poucos.**

2.- Todos os alumnos e alumnas necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material.

3.- As necesidades educativas dos alumnos son **froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.** As características individuais e o medio no que se desenvolve o alumno/a interactúan entre sí, facilitando ou dificultando o proceso. A resposta adecuada á diversidade supón estruturar situacións de aprendizaxe o suficientemente variadas e flexibles coma para permitir que se desenvolva no maior grao posible as potencialidades de cada alumno ou alumna.

A tendencia na actualidade é a de conseguir que os métodos de ensinanza se adapten ás características de cada alumno/a, proporcionando o tipo de resposta precisa en cada caso. Baséase no suposto de que, no marco da escolaridade obrigatoria, deben plantexarse obxectivos que se poden alcanzar de modo distinto.

Sabemos que para alcanzar un equilibrio entre a ensinanza comprensiva e o tratamento adecuado á diversidade debemos realizar un **traballo común e en equipo**; o Departamento de Orientación asume un papel primordial na coordinación de todas as medidas encamiñadas a dar resposta a esta diversidade.

Para acadar as dúas finalidades esenciais do ensino obrigatorio de dar unha formación básica común (comprensividade) e dispoñer as condicións posibilitadoras dunha ensinanza personalizada (diversidade) , a través do que

se debe **garantir unha formación común básica para todos e máxima para cada un**, marcamos os seguintes obxectivos:

- Crear as condicións actitudinais, organizativas e metodolóxicas que permitan dar aos alumnos e as alumnas unha resposta educativa axeitada á súa individualidade que lles evite o fracaso escolar e os problemas de integración e inadaptación escolar e social.
- Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais do equipo educativo nun contexto de franca cooperación.
- Fixar vieiros de corresponsabilidade e implicación entre todo o equipo docente na tarefa de facer accesible o currículo común aos diferentes alumnos e alumnas.
- Diseñar propostas educativas diversificadas, nun continuo de menor a maior grao de significatividade, de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades do alumno/a xurdidas das súas características persoais e da interacción co contorno.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro cara á mellor eficacia das accións deseñadas.
- Favorecer a participación das nais e pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos e /ou fillas.
- Promover a colaboración e coordinación con profesionais e institucións externas ao centro.